

## DÍA 8

1.- Na nosa aula contamos con este material que podedes elaborar vós mesmos na casa. Tan só necesitades unha bandeixa e fariña ou azucre. Con el os nenos e as nenas poderán practicar grafismos, a grafía de letras e números, así como debuxar.



2.- TRANSVASES: precisades dous recipientes (se son transparentes mellor) e podedes transvasar o que queirades: arroz, garavanzos, lentellas,.. Consiste en pasar o contido de un recipiente ao outro e viceversa.



3.- ROQUE: precisades unha botella (a poder ser transparente), un embudo e unha culler.

Primeiro debuxamos por fóra da botella os ollos, a nariz e a boca de Roque e, logo coa axuda do embudo e da culler, enchemos a botella de arroz, lentellas ou garavanzos.



Deica mañá,

